



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A TRAVÉS AXENCIA TURISMO DE GALICIA E OS CONCELLOS DE ARBO, A CAÑIZA, COVELO, CRECENTE, MONDARIZ-BALNEARIO, MONDARIZ, AS NEVES, PONTEAREAS, SALCEDA DE CASELAS E SALVATERRA DO MIÑO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E INFORMACIÓN TURÍSTICA NO XEODESTINO CONDADO-PARADANTA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Ponteareas, en calidade de concello encomendado para a xestión compartida do proxecto de creación dun xeodestino na comarca do Condado-Paradanta, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á súa sinatura ata o 15 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o xeodestino Condado-Paradanta para a execución das seguintes actuacións:

- Coordinación dos diferentes proxectos do xeodestino Condado-Paradanta.
- Creación dun espazo web.
- Elaboración e publicación de material promocional e informativo básico.
- Producción dun vídeo promocional.
- Execución de diversas actuacións temáticas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:





Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponden o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia. No exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo.

Terceiro.- A Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia ten entre as súas finalidades potenciar a oferta turística galega, a través de medidas de fomento que permitan modernizar e profesionalizar o sector turístico e as súas infraestruturas, e mellorar a calidade e a competitividade da oferta turística. Con esta finalidade régulanse na devandita lei os xeodestinos, definidos como áreas ou espazos xeográficos limítrofes que comparten unha homoxeneidade territorial baseada nos seus recursos turísticos naturais, patrimoniais e culturais, con capacidade para xerar fluxos turísticos e que, xunto á súa poboación, conforman unha identidade turística diferenciada e singular. Os xeodestinos terán un especial protagonismo nas accións de promoción turística da Administración autonómica.

Cuarto.- Como consecuencia da aplicación da normativa sinalada, o 23 de xaneiro de 2017 foi asinado un convenio de colaboración para a xestión compartida do proxecto de creación dun xeodestino na comarca Condado-Paradanta. Os concellos que integran o xeodestino de O Condado-Paradanta son: Arbo, A Cañiza, Covelo, Crecente, Mondariz-Balneiro, Mondariz, As Neves, Pontearreas, Salceda De Caselas e Salvaterra do Miño.





Na cláusula cuarta do convenio establécese que “a xestión do servizo ou proxecto será realizada polo Concello de Ponteareas e incluíra todo o relacionado coa xestión do mesmo, aspectos materiais, técnicos ou de servizos (...).

Que a través deste convenio, outórgase unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

